

Vilasantar sempre

MARZO 2014 BIM nº 2

INFORMA SOBRE A ACTUALIDADE DO CONCELLO DE VILASANTAR

Despois de catro meses, voltamos informar os nosos veciños mediante este boletín municipal. A nova destacable e a aprobación inicial do PXOM, documento importantísimo para o ordenamento urbanístico do noso territorio; fundamental que todos os veciños veñan velo e aporten o que consideren. Destacar o mal tempo meteorolóxico que tivemos e que provocou o deterioro das nosas pistas municipais, este ano teremos que estirar moito os cartos para asfaltado e revacheo.

Comentar que o Concello terá que facer un plan económico financeiro, xa que na liquidación do exercicio de 2013 a regra do gasto e a estabilidade orzamentaria dou negativo en cerca de setenta e cinco mil mil euros. Isto implica que as obras que acometamos serán subvencionadas o cento por cen e haberá que controlar aínda máis os gastos; o problema ven porque os ingresos diminuíron e as axudas e subvencións tamén.

PXOM

APROBADO INICIALMENTE O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM)

No pleno do 19 de febreiro deste ano, aprobouse inicialmente o plan xeral, sen nengún voto en contra. Veñen agora dous meses de exposición pública e alegacións, logo tocará levalo de novo ó pleno para a súa aprobación provisional e rematará coa aprobación definitiva por parte da Xunta de Galicia.

O 24 de novembro de 2008 adjudicouse o servizo de redacción do plan xeral de ordenación municipal a favor de Cerne Ingeniería S.A. Fernando Delgado é o director do equipo redactor e é o que resposta ás seguintes preguntas.



edificación e os usos permitidos en calquera terreo dun concello, mediante a clasificación do solo.

Como se clasifica o solo no plan xeral de Vilasantar?

(aínda que en solo rústico poderíase se estivera vinculada a unha explotación agropecuaria).

- Solo urbanizable industrial. Prevese a localización dun parque empresarial de aproximadamente 11

hectáreas, que servirá como reserva de solo para o emprazamento no futuro das industrias tanto de Vilasantar como do entorno máis próximo. Localízase na parroquia de Barbeito, ó carón dos principais eixes de comunicación do municipio, a

Por que fai o concello de Vilasantar un novo PXOM cando xa ten un aprobado no ano 1998?

A redacción dun novo PXOM vén obrigada polos cambios nas leis urbanísticas dos últimos anos. Neste caso Vilasantar non é diferente ó resto dos concellos de Galicia, xa que a meirande parte deles, atópanse tamén revisando os seus plans antigos.

Para que val un plan xeral de ordenación municipal?

A principal función dun PXOM é ordear e regular as condicións de

No caso de Vilasantar as principais clasificacións urbanísticas son tres:

- Solo rústico de protección. A meirande parte do concello (96 %) presenta esta clasificación e en función das súas características pode ser de tipo agropecuario, forestal, augas, infraestruturas, patrimonio, paisaxístico e espazos naturais. En cada un deles permítense os usos e actividades propios das súas características.

- Solo de núcleo rural. É o que delimita as aldeas, os asentamentos de poboación. A súa superficie representa arredor do 3 % do total do término municipal. É o único solo onde se poden construír vivendas

AC-840 e a N-634, onde se localiza a principal industria municipal, Aserpal.

Como afecta, o PXOM, ós veciños de Vilasantar?

En liñas xerais as diferenzas co plan do 98 non son moi importantes, xa que este plan xa establecía unhas condicións para as construcións e usos que se quixeran levar adiante en Vilasantar. Ademais en moitas zonas xa era obrigado aplicar a lexislación urbanística actual. Desta maneira, os terreos rústicos veranse menos afectados. No entanto nos núcleos rurais si pode haber cambios máis importantes, xa que se poden dar varios casos. Por unha parte co novo

plan clasifícanse como solo de núcleo rural terreos que no plan anterior non o eran, e polo tanto agora si permite facer vivenda. E noutros casos, e polos novos criterios da lei, os núcleos redúcense, e polo tanto, parcelas que eran edificables deixan de selo.

Non podemos esquecer que os terreos que quedan no interior dos núcleos terán que pagar a contribución urbana (ata o momento so pagaban as construcións, non os terreos), mentres que se quedan fóra deles, a contribución será menor. Polo tanto, terán un coste económico que é importante ter en conta.

Unha parte do núcleo urbano de Présaras, a que tiña clasificación de solo urbano, pasa a solo de núcleo rural, se ben, na práctica as diferenzas son escasas. A máis importante é que a altura das edificacións non pode pasar de baixo máis un piso, cando antes, nunha parte do núcleo permitíanse dúas plantas. Tendo en conta que en Présaras hay moi poucas vivendas

de B+2 e que nos últimos anos non se construíu ningunha foi polo que se decidiu limitar as alturas para adaptarse á realidade deste núcleo.

Como se poden informar os veciños interesados?

O plan xeral de ordenación municipal aprobouse inicialmente o 19 de febreiro. Unha vez se publique no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais exporase o público durante o periodo de dous meses, durante o cal, o documento completo estará a disposición de todos os veciños no Concello. Ademais, unha persoa do equipo redactor, virá un día a semana ó concello para atender persoalmente a aqueles veciños que así o desexen. Durante ese prazo pódense presentar alegacións ou reclamacións, facilitando o concello a información necesaria para elo.

Que papel xoga o concello na elaboración do PXOM?

O concello é o organismo encargado de tramitar o plan xeral, e ten a

competencia para a súa aprobación inicial e provisional, se ben a aprobación definitiva correspóndelle á Xunta. Ademais, na súa tramitación, interveñen outras administracións, como poden ser, Deputación, Patrimonio, Augas de Galicia, Montes, Axencia galega de infraestruturas, Concellos limítrofes, etc...

Antes da aprobación inicial a Secretaría xeral de ordenación do territorio e urbanismo emitiron un informe que é de obrigado cumprimento e obrigou a reaxustar a delimitación dalgún núcleo rural.

Polo tanto, o papel do concello, é limitado, xa que está condicionado polos informes de multitude de organismos.

Recórdase que xa está exposto no Concello, na 2ª planta (salón de plenos), ata o 13 de maio en horario de 9:30 a 14:30 de luns a venres. Fernando Delgado estará todos os xoves para aclarar e dar resposta as dúbidas que existan.

PARQUE EÓLICO CORDA-CRUCERO

A COMISIÓN NEGOCIADORA REÚNESE CO CONSELLEIRO

O pasado 10 de febreiro a comisión negociadora (encargada de defender os intereses de propietarios, veciños e concello no tema dos eólicos), reuniuse co Conselleiro de Industria, Francisco Conde e co Director xeral de industria, Bernardo Tahoces. Os membros da comisión deron conta da unidade que existe entre propietarios, veciños e Concello e fixeron fincapé nas particularidades deste parque e nas demandas lexítimas, xustificadas e de sentido común. Pola súa conta, o Conselleiro pediu tranquilidade, xa que non van permitir que se aprobe o proxecto do parque se non cumpre con toda a normativa e se os informes dos distintos organismos non son favorables. Dixo, tamén, que Fenosa ten que presentar unha declaración dicindo que non (ou si) chegou a acordo con todos e cada un dos propietarios.

O que a comisión deixou claro é que o desenvolvemento eólico ten que vir aparelado co fortalecemento do rural.

PARCELARIA SAN VICENTE

Entregáronse o 11 e 12 de decembro os boletíns das bases definitivas da concentración parcelaria de San Vicente. Foron presentados algúns recursos que terán que ser informados e resoltos por parte dos da concentración. As dúas parcelarias, Barbeito e San Vicente, teñen feito o proxecto de camiños e ámbolos dous pasan do millón de euros cada un. A Xunta informa que a idea é rematar todas aquelas concentracións que teñan feitas as bases definitivas e o proxecto de camiños, e o concello loitará por elo.

SENDA PEONIL EN PRÉSARAS

O concello ten previsto acometer as obras que den solución á problemática de perigo no cruce da estrada AC-840, na altura de Présaras, que divide o pobo en dúas partes e onde xa houbo varios accidentes graves. As obras consistirán na construción dun paseo peatonal, (de oitenta metros de largo e metro e medio de ancho paralelo á estrada AC-840), unha pasarela adosada á ponte sobre a pista municipal (por debaixo da rasante da AC-

840 e por riba da bóveda da ponte) e unha rampa de acceso. Esta obra permitirá que, ós peatóns que teñan que pasar dun lado ó outro da estrada, o poidan facer por debaixo da ponte sin que por elo teñan que cruzar os 17 metros da plataforma da AC-840 próxima a unha curva e cambio de rasante, evitando así evidentes perigos. O concello conta xa co informe favorable de estradas para acometer as obras.

ARRANXO DA PISTA DEPORTIVA DO COLEXIO

O concello ten previsto amañar a pista deportiva do colexio, a cal atópase pechada para o seu uso debido o mal estado do firme de formigón. A actuación será a demolición do pavimento, drenaxe con canalización de auga, renovación do pavimento (de formigón poroso e pavimento elástico), e implantación de xogos infantís. Será un espazo deportivo e infantil destinado para o colexio e a parroquia de Présaras.

REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA Á PARROQUIA DE SAN VICENTE (1ª fase)

O Concello tivo que cambiar a primeira fase do proxecto e serán 160.000 € para instalación de depósito e tramo de rede de distribución, en vez de depósito e captacións; as construcións das captacións serán para a segunda fase, xa que a autorización de augas de Galicia

ainda non chegou. Recordar que o Concello mercou dúas parcelas, unha para a construción do depósito e outra para a construción das captacións, situadas ambas na zona do Seixo de San Vicente. Será no verán cando comece a obra desta primeira fase.

OBRADOIRO DE EMPREGO

O concello de Vilasantar, como promotor, solicita unha subvención para a realización dun Obradoiro de emprego, sendo colaboradores do mesmo os concellos de Sobrado, Boimorto, Curtis e Toques. As especialidades solicitadas son: conservación e mellora de montes, atención sociosanitaria a persoas dependentes, albanelería e mantemento de zonas verdes. Agardamos que a Xunta, dunha vez por todas, nos conceda o primeiro obradoiro de emprego para Vilasantar.

AULA CEMIT

O concello reforma a aula de informática e asina un novo convenio que posibilita a continuidade da técnica e os seus servizos en horario diario de tarde (15 a 19 horas), tanto para adultos como para nenos. Segue con cursos básicos de informática básica, internet, mecanografía, textos, correo... incorporando a maiores cursos máis avanzados como redes sociais, folla de cálculo, cámara dixital, creación de blogs, webs,...



EFICIENCIA ENERXÉTICA

O noso concello, xunto cos de Curtis, Boimorto e Sobrado solicitamos unha subvención, o INEGA, de mellora da eficiencia enerxética en alumeados públicos. Preténdese actuar nos cuadros que máis gasto teñen, como son Foro, Cruceiro-Présaras e Rú Capital.

ORIENTADORA LABORAL

O concello ven de asinar un novo convenio para o ano 2014 con Curtis e Sobrado que permite seguir coa orientadora laboral. Lémbrese que a función da orientadora é a atención personalizada a desempregados para axudalos na búsqueda de emprego (ofertas de emprego, formación, intermediación laboral con empresa, homologación de títulos...). A nosa orientadora atende no concello tódolos mércores de 12:00 a 15:00 horas.

NOVA DESBROZADORA

O concello adquiriu unha nova desbrozadora para os traballos de limpeza do verán. A máquina custou 25.000 €, dos cales 20.000 foron aportados pola Deputación mediante convenio e os outros 5.000 solicitáronse á Xunta.



ASFALTADO DE PISTAS

A auga caída durante estes meses pasados fixo moito mal nas pistas municipais. Temos previsto durante a primavera e o verán o amaño delas. Algunhas das actuacións serán en camiño do Bao a Dias, camiño Fraga-Tamou, Xardín botánico, camiño Ril de arriba, camiño Cencasas, camiño de Faxilde, Sampaio, Carapetelo, cooperativa Chao, interior Follente, Mende e a pista central de Barbeito (dende Cernadas ata Ril).



Recordase que, a partir do mércores 26 de marzo, Isabel, a Directora do CIM (centro de información á muller) terá novo horario; atenderá no concello de 9:00 a 11:30 horas os mércores alternos. Se queren solicitar cita previa, por medio de Ana, a Educadora familiar.

Infórmase tamén que todos os venres, no Concello, de 12:15 a 13:15 temos un taller para as persoas que teñen deterioro cognitivo; máis información coa Educadora familiar.

Infórmase que foi colocado, nas inmediacións do centro de saúde, un contenedor de roupa usada, a cal será entregada a unha ONG, que colabora cos máis necesitados. Todo aquel que queira aportar roupa, calzado, mantas, pode facelo achegándose ó contenedor e introducindo as bolsas cun sinxelo mecanismo.



Continúan os traballos para anhear e aglomerar a pista que vai cara a igrexa de Mezonzo. Atópanse neste momento preparando e limpando as tajeas; o ancheado da caixa xa está



feito e cando veña mellor tempo disporanse a aglomerar.

Telllouse o lavadeiro da Laxe, amañoouse a urallita, limpiouse e pintáronse as paredes;



queda para rematar, poñer o canalón. O de Présaras, xa se lle quitou a tella vella e preparárase coma o da Laxe.

Pintouse, por fora, o local social do Campo da Feira e pintouse, tamén, pero por dentro, o local social de Vilasantar.



Continuarán os traballos do amaño das fachadas do local social de Vilariño.

Picouse a pranta baixa e queda agora o rexunta do da pedra. Na pranta alta, queda un anaco por picar para logo revestir con mortero monocapa de cor craro. Poñeráse, tamén, pedra para os recercos de ventás e portas e con soleiras,.



Pasaron os Reis Magos por Vilasantar. Visitaron a vivenda



comunitaria, o concello e foron acompañados polos veciños ata o local social de Vilasantar; alí entregaron agasallos a todos os nenos presentes e convidaron a chocolate con churros ós veciños. Resaltar a gran actuación do mago Rafa que contou cunha gran asistencia de público. Tamén nesas datas levouse adiante o campamento de nadal, que se celebrou durante as vacacións na escola ecolóxica.



Tamén na escola ecolóxica, o 16 de novembro, celebrouse un gran Magosto, no que houbo contacontos de Trasnos e Fadas co espectáculo "A carballeira encantada".

O 1 de febreiro, celebrámos no local social de Vilasantar o Entroido. Houbo agasallos para os mellores disfraces a nivel individual e para as comparsas.



Infórmase tamén que, o sábado 12 de abril será a estrea do grupo de teatro municipal, no local social de Vilasantar ás 18 horas; agardamos encher coma o ano pasado.

Catro rapaces do noso concello participan na campaña de ski da Deputación. As prazas están subvencionadas na súa totalidade pola Deputación e o concello.

Está o Concello tramitando o permiso, da Escola Ecolóxica, para inicio de actividades e prestación de servizos como albergue. A idea é comezar a facer campamentos no verán; de mañá, de día enteiro e de pernocta.

BEIRARRÚAS EN VILASANTAR

Debido á queixa presentada polo concello onde se informaba do estado lamentable e perigoso das beirarrúas de Vilasantar a Axencia galega de infraestructuras destinará 38.000 € para o seu "arranxo"; a obra será feita por eles mesmos. O que solicitaba a Axencia era o compromiso de aceptación, por parte

do Concello, da transferencia da titularidade das mesmas unha vez realizadas as obras. Por suposto, o concello non acepta esa condición, xa que consideramos irrisoria esa cantidade. Entendemos que non haxa cartos, pero a aceptación viría unha vez fixeran un proxecto "como Dios manda".

O concello quiere agradecer publicamente, á Asociación Cultural "Campo de San Miguel", por deixarlle usar algunhas das fotos contidas na I Edición de fotos antigas "A nosa xente" (Présaras-Vilasantar Ano 2005), para o almanaque deste ano. Asimesmo, a todos os veciños que tamén prestaron algunha foto. Moitas Grazas, dende o Concello de Vilasantar.